DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego				
Materia	Tradución medios audiovisuais idioma 1: Inglés-Galego			
Código	V01G230V01922			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Lorenzo García, María Lourdes			
Profesorado	Lorenzo García, María Lourdes			
Correo-e	llorenzo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O obxectivo primordial desta materia é un achegamento tanto á actividade da tradución audiovisual en si mesma como a todos os aspectos que a rodean e que van influír no traballo do profesional da tradución. Isto será imprescindible para que os futuros tradutores e tradutoras adquiran unha base sólida sobre a que comezar a traballar e para que coñezan polo miúdo e tomen conciencia do factor colectivo desta actividade, primeiro paso para enfrontarse a unha encomenda de tradución audiovisual. Trátase dunha introdución ao campo e á combinación na que se dará unha visión panorámica das principais modalidades e se exporán con maior detimento 3: subtitulación, subtitulación para xordos e dobraxe.			

Competencias de titulación	
Código	
A2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
A3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
A4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
A8	Destreza para a procura de información/documentación
A9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
A14	Dominio de ferramentas informáticas
A17	Capacidade de tomar decisións
A28	Posuír unha gran competencia sociolingüística
B1	Comunicación oral e escrita na lingua propia. Prestarase especial atención ao coñecemento e correcto uso das 2 linguas cooficiais da Comunidade Autónoma de Galicia
B2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
B5	Coñecementos de informática aplicada
B6	Capacidade de xestión da información
B7	Toma de decisións
B12	Traballo en equipo
B15	Aprendizaxe autónoma
B16	Adaptación a novas situacións
B17	Comprensión doutras culturas e costumes
B22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Competencias de materia	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Ter un bo dominio das dúas linguas de traballo (inglés e galego) a nivel sintáctico, gramatical, morfolóxico, lexicolóxico, terminolóxico e fraseolóxico.	A2 A3 A4	B1 B2 B15 B17 B22
Ter un coñecemento profundo da cultura das dúas linguas de traballo, que repercutirá nunha comprensión óptima dos textos audiovisuais orixinais, factor clave para a realización dunha tradución de calidade.	A2 A8 A28	B6 B15 B17
Analizar correctamente todos os aspectos relativos a cada encargo de tradución audiovisual concreto, para deseñar unha estratexia xeral de traballo apropiada e produtiva.	A8 A9 A17	B6 B7 B12 B15 B16 B22
Analizar o texto orixinal para detectar problemas de tradución ou problemas derivados da modalidade de tradución audiovisual concreta coa que se estea a traballar. Aprender a resolver eses problemas escollendo a solución máis apropiada entre varias e sabendo xustificar a escolla.	A2 A3 A4 A8 A17 A28	B1 B2 B6 B7 B16 B17 B22
Aplicar os coñecementos de informática para aprender a manexar todas as ferramentas que se requiren para certas modalidades de tradución audiovisual.	A14	B5

Contidos

Tema	
1. Introdución á tradución audiovisual (TAV)	1.1. Os medios audiovisuais. 1.2. O texto audiovisual. Características e particularidades. 1.3. A tradución audiovisual (TAV). Definición e modalidades. 1.3.1. Características diferenciais da TAV. 1.3.2. Modalidades principais de TAV (por maioritarias na cultura de chegada). Características e particularidades. - Dobraxe. - Subtitulación. - Subtitulación para persoas oíntes. - Subtitulación para persoas xordas.
2. A práctica da TAV.	2.1. A dobraxe. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.2. A subtitulación. Fases, participantes e problemas de tradución (xerais e específicos dos códigos de significación audiovisuais). 2.3. Análise das diferenzas entre os procesos e a recepción da dobraxe e da subtitulación.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	12	24	36
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	0	48	48
Proxectos	0	30	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	33	0	33
Outras	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición

Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos recollidos no apartado correspondente desta guía. Malia tratarse de sesións maxistrais, cómpre a participación activa do alumnado (resolución de dúbidas, debates abertos, etc.).
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Realización de exercicios prácticos de tradución audiovisual, que se expoñerán e corrixirán nas correspondentes sesións prácticas presenciais.
Proxectos	Preparación de dúas encomendas de tradución ou de análise crítica de traducións realizadas por profesionais, que se escollerán entre as 3 modalidades básicas (dobraxe, subtitulación e subtitulación para xordos). Poden facerse de xeito individual ou colectivo, previa consulta coa profesora. Adoptarán as seguintes formas: O alumnado deberá demostrar que adquiriu as técnicas necesarias para levar a cabo con éxito (e cun mínimo de calidade establecido previamente) unha tradución audiovisual, sexa para dobraxe ou para subtitulación e que dispón das ferramentas analíticas mínimas para facer unha análise crítica ou para explicar as súas decisións de tradución.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Sesións prácticas que se desenvolverán a modo de obradoiros de comentario e tradución en equipo a partir das propostas individuais (previamente preparadas) de cada alumno ou alumna. O alumnado deberá demostrar que conta cunhas destrezas básicas á hora de acometer unha tradución audiovisual e, así mesmo, que interiorizou os conceptos básicos expostos nas sesións teóricas. Estas sesións terán lugar na aula habitual e na biblioteca cando o traballo en equipo e a consulta de material bibliográfico (revistas especializadas) así o requira.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Proxectos	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.
Probas	**Descrición**
Outras	Atención personalizada a todo o alumnado mediante titorías presenciais ou telemáticas, para a resolución de calquera dúbida sobre as sesións, os traballos, a avaliación, etc.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Proxectos	Dúas encargas de tradución (vid. metodoloxía docente)	50
Resolución de problemas e/ou exercicios	Asistencia ás sesións presenciais (80% obrigatoria) e participación activa, que require a preparación previa dos exercicios propostos. Entrega de todos os traballos e exercicios de clase.	10
Outras	Exame final da materia, con tempo controlado e material restrinxido, que constará de dúas partes: - Parte teórica sobre os contidos expostos nas sesións maxistrais, aplicados e desenvolvidos durante as sesións prácticas. As respostas redactaranse en lingua galega. (30%). - Parte práctica que pode adoptar a forma de traducións de microtextos con problemas específicos de TAV ou análise dalgún caso proposto (70%). O exame final realizarase 0 28 de abril.	40

Outros comentarios sobre a Avaliación

Recoméndase a avaliación contínua (obrigatoria a asistencia ao 80% das clases). Se un alumno ou alumna non pode acollerse ao sistema de avaliación continua, deberá informar á profesora e renunciar por escrito a este sistema de avaliación nun prazo de dúas semanas a partir do primeiro día de clase. Neste caso, deberá realizar un exame final o 28 de abril (avaliación única). Tamén terá que realizar un exame final o alumnado que suspenda a avaliación continua e se presente en xullo (2ª edición de actas).

Tanto o exame de avaliación única como o exame de xullo consistirá nunha proba con dúas partes:

- Parte teórica sobre os contidos recollidos nesta guía (30%).

- Parte práctica que pode adoptar a forma de traducións de microtextos con problemas específicos de TAV ou análise dalgún caso proposto (70%).

A data do exame de xullo será fixada polo Decanato.

Se se detecta o plaxio nalgún dos traballos entregados, a cualificación será 0.

*A presencialidade enténdese tanto na aula como na biblioteca (nalgunhas sesións de traballo colectivo para consulta de bibliografía especializada: revistas).

Bibliografía. Fontes de información

Agost, R. 1999. *Traducción y doblaje: palabras, voces e imágenes*. Barcelona: Ariel.

Chaume, F. 2004. *Cine y Traducción*. Madrid: Cátedra.

Díaz Cintas, J. 2003. *Teoría y práctica de la subtitulación inglés/español*. Barcelona: Ariel.

Jiménez Hurtado, C. (ed.). 2007. *Traducción y accesibilidad. Subtitulación para sordos y audiodescripción para ciegos: nuevas modalidades de Traducción Audiovisual*. Frankfurt am Main: Peter Lang GmbH - Internationaler Verlag der Wissenschaften.

L. Dobao, X.A. 2004. Dez teses para interpretar a dobraxe en Galicia, en *A trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, vol. 59, 377-390.

Lorenzo, L. e Pereira, A. M. (eds.) 2000. *Traducción subordinada (I) El doblaje.* Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Lorenzo, L. e Pereira A.M. 2001. *El subtitulado (inglés-español/galego)*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

Lorenzo, L. e Pereira, A.M. 2011. "Deaf children and their access to audiovisual texts: school failure and the helplessness of the subtitler", en Di Giovanni, E. (ed.). Entre texto y receptor: Accesibilidad, doblaje y traducción / Between text and receiver: accesibility, dubbing and translation. Frankfurt am Main: Peter Lang, 185-201.

Montero Domínguez, X. (2006) Achegas para a tradución de produtos destinados á dobraxe cara ao galego, en *Viceversa 12*, Vigo: ATG-Universidade de Vigo, pp. 111-120.

Montero Domínguez, X. (ed.) 2010. *Tradución para a dobraxe en Galicia, País Vasco e Cataluña. Experiencias investigadoras e profesionais*. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

* Esta bibliografía básica complementarase na aula.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Ferramentas para a tradución e a interpretación I: Informática/V01G230V01109
Tradución idioma 1, I: Inglés-Galego/V01G230V01309
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621
Tradución idioma 1, II: Inglés-Galego/V01G230V01502